

## REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 20/06/2017 11:01:50

SAIDA

7546/17

D. Francisco Lueiro García

(Portavoz de ASMiG)

[asmig.asmig@gmail.com](mailto:asmig.asmig@gmail.com)

Expediente: A.4.Q/14441/17

Santiago de Compostela, 19 xuño de 2017

Estimado Sr. Lueiro.:

Nesta Institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia dun escrito presentado por unha entidade que agrupa a enfermeiros do Sergas, e que versa sobre unha problema similar ao trasladado por vostede na súa solicitude, relativo á suspensión de recoñecemento do sistema de carreira profesional do persoal sanitario.

Entendemos que esta recomendación resulta extensiva aos profesionais sanitarios interinos do Sergas, polo que nos remitimos á mesma na valoración da súa reclamación. Así, trasladámoslle o contido do informe da administración no apartado de "antecedentes" e as nosas consideracións no de "análise", para acabar incluíndo á recomendación que se lle trasladou á consellería sobre esta situación, recomendación que non foi aceptada pola Consellería de Sanidade.

### ANTECEDENTES

No escrito indicábasenos que a administración autonómica galega aprobou nos últimos anos medidas dirixidas á contención do déficit público. Adxuntábanos copia dos orzamentos para o exercicio 2017, nos que non existe partidas en materia de persoal sanitario que supoñan incremento de gastos correntes, manténdose a conxelación da carreira profesional. Advertían que noutras Comunidades Autónomas eliminaron xa a suspensión da carreira profesional, recoñecendo ao persoal médico de familia de carácter interino o dereito a percibir ese complemento salarial en igualdade de condicións que o persoal titular con praza en propiedade. Asemade, no seu escrito mencionaban as trabas que atopaban no acceso ao servizo de correos internos do Sergas para a difusión de correos masivos de información laboral e profesional a todas as áreas sanitarias.

No informe remitido pola Consellería de Sanidade, a administración sinala que nos anos 2005, 2006 e 2007 foron adoptados na Mesa Sectorial de negociación do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde os acordos correspondentes para o acceso

extraordinario á carreira profesional aplicables ao persoal fixo que reunira determinados requisitos. Este proceso de recoñecemento de catro graos na carreira profesional, que estaba previsto que finalizara no ano 2011, foi interrompido en aplicación do artigo 13 do Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2010. Este artigo establecía que "durante ese ano, debido ás actuais circunstancias económicas excepcionais e conforme ao previsto na liña dez do artigo 38 da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público, suspéndese a aplicación dos pactos ou acordos que supoñan incrementos retributivos".

As sucesivas leis de orzamentos da comunidade autónoma mantiveron esa suspensión, confirmada, así mesmo, pola Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017.

Consonte ao indicado, en cumprimento estrito da legalidade vixente, non resulta posible impulsar novos procesos para o recoñecemento de graos de carreira profesional, xa que permanece en vigor a suspensión adaptada nunha norma con rango de lei. A sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do 3 de xuño de 2015, desestima un recurso presentado por un colectivo de persoal que accedeu á condición de fixo nos anos 2008 a 2011, coa pretensión de que o Servizo Galego de Saúde procedera a efectuar unha nova convocatoria de acceso á carreira profesional. O tribunal desestima as pretensións de persoal fixo polo que a consellería entende infundada a pretensión formulada por persoal que ten a condición de temporal.

No que se refire ás comunicacións electrónicas hai que considerar que debido ao grande número de profesionais existente, os correos masivos están sometidos a comunicación e autorización individual previa coa finalidade de que non resulte colapsado o sistema informático.

## ANÁLISE

Tal e como indicamos ao comezo deste escrito, esta defensoría ten presentado xa ante a Consellería de Sanidade unha serie de consideracións sobre a reactivación da carreira profesional dos persoal sanitario, en concreto sobre o persoal de enfermería, que consideramos plenamente aplicable a este caso, e que por tal motivo reproducimos a continuación.

Das alegacións feitas despréndense dúas peticións básicas que deben ser analizadas pola Valedora:

I. A primeira delas ten un carácter xeral e se refire aos recortes dos dereitos laborais e retributivos que ten experimentado o persoal de enfermería do SERGAS nos últimos anos. Estes recortes non afectan exclusivamente aos profesionais da enfermería senón que alcanzan “á xeneralidade dos empregados públicos”. O Valedor ten recibido diversas queixas procedentes doutros colectivos de empregados públicos, dándolle ás mesmas un tratamento similar que coincide, no substancial, co afirmado pola Administración sanitaria galega neste caso cando sinala que as medidas de limitación de dereitos laborais e retributivos incorporadas a normas orzamentarias con rango de lei resultan vinculantes e son indispoñibles para a Xunta; polo tanto, a Administración, ao aplicar as previsións legislativas, non comete ningún acto censurable que deba ser sometido ao control do Valedor.

Certamente, resulta desexable que os acordos laborais acadados pola administración cos axentes sociais (entre moitos outros o Acordo 2008-2012 ao que fai referencia o escrito de queixa) que foron suspendidos por mor da crise sexan progresivamente reactivados na medida en que se consolida o proceso de recuperación económica. Sen embargo, o Valedor non debe interferir na materialización da competencia orzamentaria que é exclusiva do Parlamento de Galicia. Como temos indicado noutros asuntos, a lei de orzamentos non é unha norma ordinaria que xere un efecto singular inxusto e respecto á que podería instarse un pronunciamento do Valedor senón que é unha norma que funciona, nun contexto de ríxido control do déficit público, coma un sistema de vasos comunicantes no que as decisións concretas de gasto xeran repercusións sobre outras partidas relevantes. Dende este punto de vista, debe salvagardarse a competencia exclusiva do órgano parlamentario para pronunciarse, cunha visión holística e de conxunto das necesidades a atender, sobre o proceso global de asignación dos recursos financeiros dispoñibles.

II. A segunda das cuestións suscitadas refírese á reactivación da carreira profesional dos enfermeiros/as. Tendo en conta que o dereito á promoción profesional constitúe un elemento esencial do emprego público, o Valedor considera que as administracións deben impoñer as menores limitacións posibles ao mesmo. Nese sentido, cabe sinalar que a suspensión da carreira e promoción profesional que se materializou a través das sucesivas leis de orzamentos de Galicia dende 2010 ten un efecto exclusivamente económico que non debería ser obstáculo para permitir que os Comités de Avaliación previstos na normativa puideran actuar (avaliando os méritos dos solicitantes e emitindo as propostas de resolución) a fin de que a Dirección Xeral de Recursos Humanos do SERGAS puidera emitir as correspondentes resolucións de recoñecemento de nivel, sen efectos económicos. O dereito á promoción e á carreira dos enfermeiros/as, e por extensión, aos profesionais sanitarios, polo tanto, pode ser parcialmente satisfeito mediante a aplicación do sistema de recoñecemento profesional previsto na normativa, se ben as resolucións da Dirección Xeral que integren no nivel correspondente aos candidatos que teñan superado a avaliación deberán sinalar que carecerán de efectos económicos ata o momento no que a lei de orzamentos que corresponda levante a suspensión decretada dende 2010.

## CONCLUSIÓNS

Por todo o indicado anteriormente, a Valedora considerou necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 desta Institución, facerlle chegar á Consellería de Sanidade a seguinte Recomendación:

*“Que se adopten as medidas necesarias para reactivar a carreira profesional do persoal estatutario de Enfermería, creando os Comités de Avaliación onde non estean funcionando e procedendo ao recoñecemento, sen efectos económicos, dos novos niveis de carreira obtidos.”*

Tal recomendación resulta extensiva a todos os profesionais sanitarios do Sergas.

Dando cumprimento á obriga establecida no artigo 32.2 da Lei do Valedor do Pobo, a Consellería de Sanidade remitiu un oficio a esta institución no que manifesta respecto á posibilidade de impulsar o recoñecemento de novos niveis ou graos de carreira profesional "sen efectos económicos" as seguintes consideracións:

*“Nos anos 2005, 2006 e 2007 foron acordados na Mesa Sectorial de negociación do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e publicados no Diario Oficial de Galicia, sucesivos sistemas de acceso extraordinario á carreira profesional. Este proceso de recoñecemento de catro graos de carreira profesional, que estaba previsto finalizar no ano 2011, foi interrompido no ano 2010 en aplicación do artigo 13 da Lei 9/2009, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para ese ano (suspensión dos pactos ou acordos que supoñan incrementos retributivos).*

*Un colectivo de persoal con expectativas de acceder no ano 2010 a novos graos de carreira profesional, e polo tanto directamente afectado pola dita suspensión, solicitou en vía administrativa e posteriormente demandou ante a xurisdición contencioso-administrativa o recoñecemento deses novos graos de carreira profesional (subsidiariamente, sen efectos económicos ou retributivos).*

*O Servizo Galego de Saúde desestimou esa pretensión subsidiaria con base, esencialmente, nos seguintes argumentos:*

*- Non cabe unha suspensión parcial dos acordos, ou unha perda temporal de efectos relativa unicamente aos aspectos retributivos que aqueles poidan conter, senón a súa íntegra e completa suspensión. Quedan diferidos, xa que logo, tanto os dereitos económicos como os administrativos, e sen que caiba escindir uns e outros efectos.*

- A Administración e as organizacións sindicais representadas na Mesa Sectorial non terían pactado un réxime extraordinario de carreira profesional se o recoñecemento dos correspondentes graos non implicara consecuencias de índole económica, pois para tal fin se estableceu primordialmente o citado réxime extraordinario.

- O principal efecto do recoñecemento dos graos é de carácter económico, a través da percepción do complemento de carreira. De igual xeito, os propios acordos suspendidos, ademais de regular o procedemento e requisitos do recoñecemento, regulan fundamentalmente os seus efectos económicos. No caso de eliminarse a regulación dos seus aspectos retributivos, estaríase a afectar a unha parte esencial do seu contido, e desnaturalizaríanse os acordos mesmos.

- Tampouco parece conforme coa normativa básica que, se o artigo 43.2.e da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco, determina que o complemento de carreira está destinado a retribuír o grao alcanzado na carreira profesional, se poida abrir un procedemento de recoñecemento dun novo grao facendo constar expresamente que este carecerá de efectos económicos.

O pronunciamento do Servizo Galego de Saúde foi ratificado polos órganos da xurisdición contencioso-administrativa. A estes efectos, a título de exemplo, achegamos unha copia da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 15 de febreiro de 2012 (recaída no recurso de apelación 380/2011).

3) Consonte o exposto, non resulta posible que o Servizo Galego de Saúde proceda neste intre a impulsar o recoñecemento de novos niveis ou graos de carreira profesional "sen efectos económicos".

En calquera caso, as medidas que no futuro se poidan adoptar en materia de carreira profesional trataríanse dun xeito global -non parece que poida adoptarse unha decisión exclusivamente para o persoal de enfermaría- na Mesa Sectorial, na que ten representación o sindicato SATSE. E como xa se expuxo no informe do 17 de agosto, na reunión da Mesa celebrada o pasado 27 de xullo as organizacións sindicais expuxeron a súa pretensión de que se retome o proceso suspendido de acceso extraordinario aos graos da carreira profesional, e solicitaron tamén a apertura dun calendario de negociación dunha carreira profesional ordinaria.

Este centro directivo manifestou que arestora non resulta posible o recoñecemento de novos graos de carreira profesional en aplicación do sistema extraordinario. E polo que respecta á negociación dun sistema ordinario de carreira profesional, manifestou que a


mesma é inviable con cargo aos orzamentos en curso, e que **habará que esperar a coñecer os orzamentos do ano 2017 para valorar a súa viabilidade.**"

Á vista da non aceptación da Recomendación formulada, faise preciso proceder de acordo co disposto no art. 33.2 da Lei do Valedor do Pobo, no que se preceptúa que se non se obtivera resposta satisfactoria para a non actuación de acordo co indicado, **incluirase un comentario crítico no Informe ao Parlamento**, de considerarse que era posible unha solución positiva e esta non se dera.

Así pois, ao terse esgotadas as posibles actuacións que lle caben a esta Institución de acordo coa Lei pola que se rexe, faise obrigado proceder ao arquivo do expediente aberto como consecuencia do seu escrito de queixa. No entanto, no suposto de que a consellería modifique a súa posición actual, pola nosa banda poñeríámonos de novo en comunicación con vostede, trasladándolle as novas que se produzan.

Agradézolle a confianza que nos demostra.

Un atento saúdo.



Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo

